

Creando empresas saudables



Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

Problema: Estilo de Liderado I

Causas:

1. Falta de obxectivos claros e concisos na acción de mando.
2. Realización dun control exhaustivo sen definición de rol nin obxectivos
3. Mala organización do traballo cunha mal repartición das cargas.

Consecuencias:

1. Aparición de condutas de xustificación para evitar respostas desagradables por parte do líder.
2. Sentimento de falta de confianza e de ofensa por parte dos traballadores.
3. Desmotivación causada polo sentimento de falta de sentido ao que se fai.
4. Percepción de favoritismos que xeran conflitos.
5. Redución do rendemento por falta de organización e motivación.

Medidas a aplicar para conseguir unha contorna saudable:

1. Revisar a actitude de liderado por parte da persoa que o exerce e adaptala á contorna na que se atopa.
2. Realizar un control das tarefas e das fases de traballo que permita que todos os implicados se poidan sentir pezas necesarias para o logro dos obxectivos.
3. Definir claramente os roles de todos os implicados tendo en conta as súas capacidades, motivación e responsabilidades.
4. Asumir as xustificacións necesarias con racionalidade, non permitindo escusas ou procura de culpables.
5. Equilibrar a repartición de tarefas tendo en conta a capacidade e a carga de traballo.